

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 19 DE AGOSTO DE 2025

PRESIDENTA:

D^a Diana Piñeiro Fernández

ASISTENTES:

D. Rubén Vázquez Pérez
D^a Patricia Esther Espiñeira Galán
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez
D. Manuel Castro Uzal

NON ASISTE:

D. Raúl Varela Fraguio

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as once horas do día dezanove de agosto do ano dous mil vinte e cinco, reúnese a Xunta de Goberno Local, en segunda convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D^a. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D^a Patricia Esther Espiñeira Galán, D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez e D. Manuel Castro Uzal.

Non asiste á sesión o concelleiro D. Raúl Varela Fraguio.

Actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 12 DE AGOSTO DE 2025

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria do día 12 de agosto de 2025, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria do día 12 agosto de 2025.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

Non se deu conta de ningún/ningunha.

3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 8 ao 13 de agosto de 2025, que comezan coa resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 755/2025 e rematan coa resolución da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais, Educación, Cultura e Movemento Asociativo núm. 769/2025, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
755/2025	08-08-2025	Conceder dende o 2º trimestre de 2025 a aplicación da bonificación do 100% sobre o mínimo facturable para usos domésticos, tanto na taxa de subministración de auga, establecida no artigo 5.1 da ordenanza fiscal núm. 15, como na taxa pola rede de sumidoiros, establecida no artigo 6 da ordenanza fiscal núm. 9, con efectos do segundo trimestre de 2025, por cumprir os requisitos esixidos de conformidade cos informes emitidos polos técnicos de Servizos Sociais, ser pagador da poliza de aboamento e estar empadroadado na vivenda obxecto de bonificación. Denegar a solicitude de bonificación do 100% sobre o mínimo facturable para usos domésticos, tanto na taxa de subministración de auga, establecida no artigo 5.1 da ordenanza fiscal núm. 15, como na taxa pola rede de sumidoiros, establecida no artigo 6 da ordenanza fiscal núm. 9, por non quedar acreditada a súa falta de capacidade económica segundo informe emitido polos técnicos de Servizos Sociais. Dar de baixa, con efectos do segundo trimestre de 2025, a bonificación da taxa de subministración de auga, segundo o establecido no artigo 5.1 da ordenanza fiscal núm. 15, da taxa pola rede de sumidoiros, segundo o establecido no artigo 6 da ordenanza fiscal núm. 9, e no artigo 4 da ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter non tributario de depuración, tendo en conta os datos achegados pola empresa Augaservi, S.L, ao non ter a condición de aboado nin pagador no trimestre
756/2025	11-08-2025	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 12 de agosto de 2025
757/2025	11-08-2025	Rectificar a Resolución da Alcaldía núm. 574/2025 do 12 de xuño, pola que se resolve aprobar o reintegro dos fondos non xustificadas da subvención concedida para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local no exercicio 2020 a prol da Xunta de Galicia
758/2025	12-08-2025	Conceder a licenza para a construír unha vivenda unifamiliar no lugar de Lendoiro, parroquia de Cecebre. Solicitante: MRN
759/2025	12-08-2025	Declarar a nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado servizo de telefonía fixa, liñas adsl, liñas rsdi, acceso a internet, incidencias e avarías prestado pola empresa Telefonica de España S.A.U.
760/2025	12-08-2025	Declarar a nulidade do acto administrativo da contratación verbal do

		servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado servizo de mantemento copiadoras municipais prestado pola empresa Copi Fax, S.L.
761/2025	12-08-2025	Declarar a nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado escolas de actividade física e saúde e actividades físico recreativas de verán prestado pola empresa Axiña Servicios Deportivos, S.L.
762/2025	12-08-2025	Declarar a nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado actividades socioculturais prestado pola empresa Axiña Servicios Deportivos, S.L.
763/2025	13-08-2025	Aprobar a concesión de subvencións correspondentes á convocatoria de axudas de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro dual de emprego "PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo" 2024/2025, financiadas polo importe de 16.500,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 241.48000 Subvencións correntes a institucións e empresas fomento do emprego do orzamento do Concello de Cambre vixente, e polos importes que se detallan, por cumprir cos requisitos establecidos e coas condicións esixidas nas bases reguladoras da convocatoria (BOP núm.103 de 02/06/2025, extracto BOP núm.107 de 06/06/2025 BDNS(identif.):836500
764/2025	13-08-2025	Rectificar o erro detectado na base terceira da convocatoria aprobada por resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 750/2025, do 6 de agosto, respecto do proceso selectivo para a elaboración dunha relación de candidatos para nomeamentos de enxeñeiros técnicos de obras públicas interinos
765/2025	13-08-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 24/03/2025, xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o límite de ingresos da unidade de convivencia é superior ao establecido. Solicitante: PADL
766/2025	13-08-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para a atención dos gastos derivados da vivenda habitual, concretamente para recibos de alugueiro establecida no artigo 7, solicitada o 04/12/2024, xa que segundo o disposto no artigo 22.3, non constitúe unha solución axeitada ou non resolve de forma significativa a necesidade formulada Solicitante: MT
767/2025	13-08-2025	Considerar desistida a MJME da solicitude da axuda económica de emerxencia social para gastos derivados da divenda habitual establecida no artigo 13 da Ordenanza reguladora, concretamente para lentes correctoras solicitada con data 26/05/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
768/2025	13-08-2025	Considerar desistido a SBP da solicitude da axuda económica de emerxencia social para gastos derivados da vivenda habitual establecida no artigo 7 da ordenanza reguladora, concretamente para recibo de luz solicitada con data 03/02/2025 por non achegar a

		documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
769/2025	13-08-2025	Considerar desistida a MPVD da solicitude da axuda económica de emerxencia social para gastos derivados da vivenda habitual establecida no artigo 7 da ordenanza reguladora, concretamente para recibo de luz solicitada con data 11/03/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento

4.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formulou ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as once horas e dous minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo